

PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN NAS INSTALACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO ANTE A CONFIRMACIÓN DE CASOS POLO COVID-19

Ante un caso confirmado por coronavirus activaranse as seguintes actuacións:

1. De acordo cos protocolos de actuación para a [comunidade universitaria](#) e para os [centros](#), unha vez notificado o caso positivo ao Servizo de Prevención e Riscos Laborais (sprl@uvigo.gal), este informará ao decanato ou á dirección do centro, ou ao responsable do centro de traballo ao que pertenza o caso.
2. O devandito centro deberá contactar telefonicamente coa persoa afectada e tentará analizar a trazabilidade do caso confirmado. Aqueles casos que se consideren de «contacto estreito» deberán gardar a corentena durante 14 días e se contactará para comunicarlles a necesidade de illamento.
3. A información sobre as novas situacións do COVID-19 irase publicando na web da Universidade de Vigo na seguinte [ligazón](#). Solicitámosvos que atendades a información publicada no portal institucional e nunca a información non contrastada.
4. Desde o decanato ou a dirección do centro implicado transmitiráselles esta información ao profesorado e ao estudantado do centro e, desde o centro de traballo aos compañeiros e compañeiras, sen proporcionar datos persoais do afectado ou da afectada, á vez que se supervisarán as medidas de contención do coronavirus.
5. O persoal da universidade, agás o de servizos esenciais, deberá continuar o seu labor a distancia, sen acudir ao seu centro de traballo. No caso de que precise acudir ao seu posto a recoller material para levar a cabo o dito labor, deberá permanecer nas instalacións o menor tempo posible e estar en contacto co menor número de persoas.
6. A Xerencia adoptará as medidas que corresponda e comunicarse coa empresa de limpeza que proceda, nos casos en que sexa preciso.

En Vigo, a 18 de marzo de 2020

Manuel J. Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo